

**Código Deontolóxico
da Profesión
de Diplomado en Traballo Social**

Dos Diplomados en Traballo Social / Asistentes Sociais	Artigos 1 - 3
Principios xerais da profesión	Artigos 4 -15
Relación cos usuarios / clientes	Artigos 16 - 23
Relación coa Entidade onde preste os seus servizos	Artigos 24 - 30
Relación con outras Entidades e Organizacións	Artigos 31 - 34
Segredo profesional	Artigos 35 - 41
Da práctica da profesión	Artigos 42 - 46
Relacións con outros profesionais	Artigos 47 - 56
Responsabilidade no exercicio da súa profesión	Artigos 57 - 62
Obrigas en relación coa Organización Colexial	Artigos 63 - 69

Texto aprobado pola asemblea xeral de Colexios oficiais de diplomados en Traballo social e asistentes sociais na súa sesión extraordinaria de 29 de maio de 1999

PREÁMBULO

A elaboración do presente Código ven marcada pola necesidade de establecer un marco de regulación dos principios éticos e criterios profesionais por los que se deberá rexer a profesión de diplomado en Traballo social/asistente social, á luz dos principios e criterios da ética do Traballo social aprobados pola Asemblea Xeral da Federación Internacional de Traballadores Sociais celebrada en Colombo, Sri Lanka, do 6 al 8 de xullo de 1994; os dereitos contidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos das Nacións Unidas e outros acordos internacionais derivados de esta Declaración, e a Constitución Española de 1978.

Co presente Código asegúranse unha serie de principios e liñas de actuación, outorgando aos diplomados en Traballo social/asistentes sociais, un marco normativo que favoreza a súa independencia, credibilidade, honestidade e intervención respectuosa, correcta e adecuada ás características e necesidades dos usuarios, que l les permita utilizar os servizos coas debidas garantías. Estas garantías son igualmente fundamentais para os propios profesionais, xa que é imprescindible que conten con un marco legal perfectamente delimitado no que apoiar a súa actuación profesional, fronte a posibles inxerencias ou alteracións na súa labor.

CAPÍTULO I.

DOS DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL/ASISTENTES SOCIAIS

Artigo 1.- Definición de diplomado en Trabajo social/asistente social.

Diplomado en Trabajo social/asistente social es la persona física que está en posesión do título de diplomado en Trabajo social/asistente social, obtendo en la Escola Universitaria de Trabajo Social de calquera universidade española ou das da Unión Europea con competencia recoñecida, e de aqueles países cos que existen acordos bilaterais de reciprocidade. O título de diplomado en Trabajo social/asistente social e a inscrición en el Colexio profesional provincial o autonómico do seu lugar de Trabajo, facultan para o exercicio de esta profesión.

Artigo 2.- Funcións xerais dos diplomados en Trabajo social/asistentes sociais.

Os traballadores sociais ocúpense de planificar, proxectar, calcular, aplicar, avaliar e modificar os servizos e políticas sociais para os grupos e comunidades. Actúan en moitos sectores funcionais utilizando diversos enfoques metodolóxicos, traballan nun amplo marco de ámbitos organizativos e proporcionan recursos e prestacións a diversos sectores da poboación a nivel microsocia, social intermedio e macrosocia.

De isto desprendese:

- Información
- Investigación
- Prevención
- Asistencia
- Promoción
- Mediación
- Planificación
- Dirección
- Avaliación
- Supervisión
- Docencia

Artigo 3.- Instrumentos específicos dos diplomados en Trabajo social/asistentes sociais.

3.1.- Historia social.

É o documento no que se rexistran exhaustivamente os datos persoais, familiares, sanitarios, de vivenda, económicos, laborais, educativos e calquera outros significativos da situación socio-familiar dun usuario, a demanda, o diagnóstico e subséguente intervención e a evolución de tal situación.

3.2.- Ficha social.

É o soporte documental do Trabajo social, no que se rexistra a información sistematizable da historia social.

3.3.- Informe social.

O Informe social é o dictame técnico que serve de instrumento documental que elabora e asina con carácter exclusivo o diplomado en Trabajo social/asistente social. O seu contido derivase do estudio, a través da observación e a entrevista, onde queda reflectida en síntese a situación obxecto, valoración, un dictame técnico e unha proposta de intervención profesional.

3.4.- Proxecto de intervención social.

É o deseño de intervención social que comprende unha avaliación-diagnóstico da situación e persoas con quen actuar, unha determinación de obxectivos operativos, actividades e tarefas, utilización de recursos, temporalización e criterios de avaliación.

CAPÍTULO II

PRINCIPIOS XERAIS DA PROFESIÓN

Os diplomados en Traballo social/asistentes sociais contribúen ao desenvolvemento dos seres humanos, por medio da súa aceptación dos seguintes principios básicos:

Artigo 4.- Todo ser humano posúe un valor único, o que xustifica a consideración moral cara a cada persoa.

Artigo 5.- Cada individuo ten dereito á autorrealización, ate onde non interfira no dereito dos demais, e ten a obrigaón de contribuír ao benestar da sociedade.

Artigo 6.- Cada sociedade, independentemente da súa organización, debe funcionar de xeito que proporcione os máximos beneficios a tódolos seus membros.

Artigo 7.- Os traballadores sociais teñen un compromiso con los principios da xustiza social.

Artigo 8.- Os traballadores sociais teñen a responsabilidade de dedicar os seus coñecementos e técnicas, de xeito obxectivo e disciplinado, a axudar aos individuos, grupos, comunidades e sociedades no seu desenvolvemento e na resolución dos conflitos persoais e/o sociais e nas súas consecuencias.

Artigo 9.- Os traballadores sociais deberán proporcionar a mellor atención posible a todos aqueles que soliciten a súa axuda e asesoramento, sen discriminacións inxustas baseadas na diferencias de xénero, idade, discapacidade, cor, clase social, raza, relixión, lingua, crenzas políticas ou inclinación sexual, sempre que calquera de estas diferencias non encubra violencia nin abuso de poder.

Artigo 10.- Os traballadores sociais deben respectar os dereitos humanos fundamentais dos individuos e os grupos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas e outros acordos internacionais derivados de dita Declaración.

Artigo 11.- Os traballadores sociais deben ter en conta os principios de dereito á intimidade, confidencialidade e uso responsable da información no seu Traballo profesional. Os traballadores sociais respectan a confidencialidade xustificada, aínda nos casos nos que a lexislación de seu país estea en conflito con este dereito.

Artigo 12.- Os traballadores sociais deben traballar en estreita colaboración cos clientes e usuarios, en interese dos mesmos, prestando o debido respecto aos intereses das demais persoas involucradas. Debese motivar aos clientes e usuarios a que participen o mais que poidan e deben ser informados dos riscos e posibles vantaxes das propostas de actuación que se l les ofrezan.

Artigo 13.- Os traballadores sociais esperan, xeralmente, que os clientes e usuarios se responsabilicen, en colaboración con eles, das actuacións que poidan afectar a súa vida. Os traballadores sociais deben facer o menor uso posible de medidas legais coercitivas. Soamente deberían adoptarse medidas coercitivas en favor de unha das partes

implicadas nun conflito, despois dunha coidadosa avaliación dos argumentos de cada unha das partes en litixio.

Artigo 14.- O Traballo social é incompatible co apoio, directo o indirecto, aos individuos, grupos, forzas políticas ou estruturas de poder que destrúan a outros seres humanos co terrorismo, a tortura ou outros medios violentos.

Artigo 15.- Os traballadores sociais deben tomar decisións xustificadas eticamente e manténdoas, tendo en conta la «Declaración Internacional de Principios Éticos da FITS» e os «Criterios Éticos Internacionais para os Traballadores Sociais» adoptados polas súas asociacións e Colexios profesionais nacionais.

CAPÍTULO III RELACIÓN DOS DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL/ASISTENTES SOCIAIS COS USUARIOS/CLIENTES

Artigo 16.- O diplomado en Traballo social/asistente social está obrigado a tratar a tódolos usuarios/clientes con ecuanimidade, interese, dedicación e honestidade profesional, respectando as súas diferencias individuais e grupais.

Artigo 17.- O diplomado en Traballo social/asistente social debe respectar as opinións, criterios e decisións que o usuario/cliente tome sobre a súa propia existencia, aínda que non os comparta.

Artigo 18.- O diplomado en traballo social/asistente social debe consensuar co usuario/cliente a intervención profesional a realizar e finalizar a relación profesional con este, cando xa non sexa necesaria, e informar ao usuario/cliente do resultado previsible da súa intervención.

Artigo 19.- Nos casos nos que sexa necesario derivar ao usuario/cliente a outro servizo, o diplomado en Traballo social/asistente social debe facelo da maneira mais favorable para aquel, procurando asegurar a continuidade da intervención.

Artigo 20.- Nos casos nos que exista unha intervención simultánea con outros profesionais, o diplomado en traballo social/asistente social, debe procurar a coordinación necesaria para que aquela sexa a máis adecuada.

Artigo 21.- O diplomado en traballo social/asistente social debe facer un uso responsable da información relativa ao usuario, sendo respectuoso na obtención da mesma, xustificando a súa necesidade e solicitando o seu consentimento para utilizala soamente a efectos dunha intervención coordinada e efectiva.

Para a presenza de terceiras persoas, innecesarias para o acto profesional, tales como alumnos en prácticas o profesionais en formación, debe acadarse o consentimento do usuario/cliente.

Artigo 22.- O diplomado en traballo social/asistente social, custodiará a información sobre o usuario/cliente u outras terceiras persoas que coñeza por razóns do seu cargo, con independencia da fonte de onde se teña obtido e do soporte onde se encontre rexistrada.

Artigo 23.- O diplomado en traballo social/asistente social debe comunicar ou denunciar as situacións de maltrato, abuso o abandono das persoas indefensas o incapacitadas, mantendo no obstante el obxectivo de intervir para corrixir esas situacións coas persoas implicadas na mesma.

Igualmente debe denunciar calquera outra situación que vaia contra os dereitos humanos.

CAPÍTULO IV

RELACIÓN DO DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL/ASISTENTE SOCIAL COA ENTIDADE ONDE PRESTE OS SEUS SERVIZOS

Artigo 24.- O diplomado en traballo social/asistente social debe coñecer e respectar os obxectivos da entidade onde traballa. En caso de que estes contradigan os principios básicos da profesión deberá actuar, podendo acadar o apoio dos Colexios profesionais para a súa rectificación.

Artigo 25.- O diplomado en traballo social/asistente social debe participar na mellora das políticas da institución ou organismo, aportando os seus coñecementos a través da súa práctica e experiencia, así como na eficacia e eficiencia das organizacións e os seus servizos, en beneficio dos usuarios/clientes e da comunidade.

Artigo 26.- O diplomado en Traballo social/asistente social cando informe regularmente da súa actividade aos responsables ou directivos da entidade onde preste os seus servizos, deberá facelo dentro dos límites compatibles co segredo profesional e os principios básicos da profesión.

Artigo 27.- O diplomado en traballo social/asistente social debe dar a coñecer aos responsables ou directivos da institución ou organismo onde preste os seus servizos as condicións e os medios indispensables para levar a cabo a intervención social que lle foi confiada, así como canto obstaculice o seu Traballo.

Artigo 28.- O diplomado en traballo social/asistente social debe dispoñer de autonomía na elección e aplicación das técnicas idóneas que favorezan as súas relacións e intervencións profesionais coas persoas e asumir a responsabilidade que se derive de elo.

Artigo 29.- O diplomado en Traballo social/asistente social debe ter en conta que a documentación de Traballo esta suxeita a criterios de confidencialidade, polo que o seu uso queda limitado por e para o obxectivo profesional de que se trate.

Artigo 30.- O diplomado en traballo social/asistente social debe ter unha visión global do traballo a realizar na institución ou organismo e establecer prioridades con criterios obxectivos en función das necesidades detectadas na realidade social.

CAPÍTULO V

RELACIÓN DO DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL/ASISTENTE SOCIAL CON OUTRAS ENTIDADES E ORGANIZACIÓNS

Artigo 31.- O diplomado en Traballo social/asistente social debe cooperar coas entidades e organizacións nas que as súas políticas e programas vaian dirixidos a proporcionar servizos adecuados e promover nos mesmos a práctica profesional dentro do marco dos principios do Traballo social.

Os informes realizados, a petición dunha entidade ou organización, están suxeitos ao deber e dereito xeral da confidencialidade, quedando a entidade solicitante obrigada a non darlle difusión fora do obxectivo concreto para o que foi solicitado.

Artigo 32.- Na súa relación con ditas entidades o diplomado en Traballo social/asistente social debe contribuír á coordinación das políticas e programas para conseguir mellores resultados.

Artigo 33.- Ante prácticas non éticas de algunha organización ou entidade que lesionen os dereitos e/a dignidade de usuarios/clientes, o diplomado en Traballo social/asistente social debe utilizar tódolos medios éticos posibles para acabar coas prácticas non éticas cando as liñas de actuación, procedementos e prácticas están en conflito directo cos principios éticos do Traballo social.

Artigo 34.- O Diplomado en Traballo social debe manter que a responsabilidade última é cara ao cliente, poñendo en marcha os necesarios cambios de políticas, procedementos e actuacións a través dos canais apropiados cos que contan entidades e organizacións. Se se esgotan estes canais, sen atopar os remedios necesarios, haberá que recorrer a instancias mais altas ou a mais ampla comunidade de intereses.

CAPÍTULO VI

SEGREDO PROFESIONAL

Artigo 35.- El segredo profesional é un dereito e un deber do diplomado en Traballo social/asistente social; dereito e deber que permanecen incluso despois de ter cesado a prestación dos servizos profesionais.

Artigo 36.- O diplomado en Traballo social/asistente social debe gardar segredo de todo o que os usuarios/clientes lle transmitan e confíen, así como do que coñeza no seu exercicio profesional. Tanto a recollida como a comunicación de datos debe ser restrinxida ás necesidades da intervención profesional.

Artigo 37.- A información que lle sexa requirida ao profesional a efectos estatísticos, de planificación, avaliación de programas ou outros, debe facilitala sen os datos identificativos dos usuarios/clientes.

Artigo 38.- Os sistemas de informatización dos datos contidos en fichas, historias, expedientes e informes sociais deben garantir o dereito á intimidade do usuario/cliente, sendo o acceso á citada información restrinxido aos profesionais directamente implicados na práctica profesional.

Artigo 39.- A interrupción ou finalización da relación profesional ou a morte do usuario/cliente non exime ao diplomado en Traballo social/asistente social do deber de gardar o segredo profesional.

Artigo 40.- Non se vulnera o segredo profesional nos seguintes supostos:

a) Pola realización da actividade profesional en equipo, sempre que o que se revele sexa necesario para a intervención profesional.

b) Na relación e colaboración do diplomado en Traballo social/asistente social con outros profesionais de distinto ámbito técnico ou de outras disciplinas, sempre que dita colaboración se produza no marco da intervención profesional.

c) Se co mantemento do segredo profesional se producira un perxuízo ao propio usuario/cliente, por causa da súa incapacidade física o psíquica, ou se danaran os intereses de terceiros declarados incapaces ou non.

d) Para evitar unha lesión notoriamente inxusta e grave que a guarda do segredo profesional puidera causar o profesional ou a un terceiro.

e) Cando o profesional fora relevado do segredo profesional polo propio usuario/cliente o os seus herdeiros. Dito acto de relevo deberá constar por escrito.

Nos casos contemplados nos casos c) e d) do presente artigo, os diplomados en traballo social/asistentes sociais deben ser relevados da guarda do segredo profesional pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial onde se atopen colexiados, previo asesoramento da Comisión Deontolóxica, cando a haxa.

Artigo 41.- O diplomado en traballo social/asistente social que se atope en situación de sufrir unha perturbación polo mantemento do segredo profesional, debe comunicalo por escrito á Xunta de Goberno do seu Colexio Oficial para obter a defensa e protección colexial no uso do segredo dentro da súa actuación profesional.

CAPÍTULO VII DA PRÁCTICA DA PROFESIÓN

Artigo 42.- O exercicio da profesión de diplomado en traballo social/asistente social debe basearse sempre nos fundamentos científicos e éticos do Traballo social.

Artigo 43.- Os obxectivos e a práctica da profesión deben ser obxecto de estudo, reflexión e investigación constantes por parte dos diplomados en traballo social/asistentes sociais co fin de asegurar a calidade do servizo prestado.

Artigo 44.- O diplomado en Traballo social/asistente social está obrigado a dominar a práctica profesional e a melloralas a través da formación permanente e a avaliación continua do seu Traballo.

Artigo 45.- Os diplomados en traballo social/asistentes sociais teñen a obriga de contribuír ao desenvolvemento da súa profesión co fin de responder adecuadamente ás novas necesidades sociais.

Artigo 46.- Os diplomados en traballo social/asistentes sociais deben defender a profesión e traballar, tanto para aumentar a confianza da sociedade no traballo social, como para a apertura de novos campos de intervención.

CAPÍTULO VIII RELACIONES ENTRE DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL/ASISTENTES SOCIAIS CON OUTROS PROFESIONAIS

Artigo 47.- No caso de que se produza a intervención de mais dun diplomado en traballo social/asistente social u outro profesional, o diplomado en Traballo social/asistente social debe tratar de que se realice conxuntamente o análise e o plan de intervención.

Artigo 48.- O diplomado en traballo social/asistente social debe limitar as informacións que aporta aos seus colegas e a outros profesionais tan soamente aos elementos que considere estrictamente indispensables para a consecución do obxectivo común, respectando o segredo profesional.

Artigo 49.- O diplomado en traballo social/asistente social debe promover o intercambio de coñecementos, experiencias e ideas con todos os colegas e con profesionais doutras disciplinas, co propósito de enriquecerse mutuamente e mellorar a intervención social.

Artigo 50.- O diplomado en traballo social/asistente social tomará en consideración prestar desinteresadamente orientación e guía aos compañeiros menos versados que así llo soliciten.

Artigo 51.- O diplomado en traballo social/asistente social deberá atender as demandas dos seus colegas coa máxima dilixencia.

Artigo 52.- O diplomado en traballo social/asistente social debe rexistrar debidamente o traballo realizado co fin de que poida ser transferido ou derivado aos colegas correspondentes.

Artigo 53.- O diplomado en traballo social/asistente social ten a responsabilidade de avaliar a súa Traballo e o da súa equipa de maneira leal e respectuosa, de acordo con criterios obxectivos.

Artigo 54.- As relaciones entre los diplomados en traballo social/asistentes sociais deben rexerse polos principios de compañeirismo, lealdade e respecto recíproco, evitando a competencia desleal.

Artigo 55.- En caso de ter que participar na selección de colegas u outros profesionais, o diplomado en traballo social/asistente social debe facelo de acordo cuns criterios éticos claros e obxectivos.

Artigo 56.- Cando un diplomado en traballo social/asistente social coñeza que outro profesional do traballo social incumpre as normas do presente Código Deontolóxico, debe comunicalo por escrito á Xunta de Goberno do Colexio correspondente.

CAPÍTULO IX

RESPONSABILIDADE DO DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL/ASISTENTE SOCIAL CARA Á SOCIEDADE NO EXERCICIO DA SÚA PROFESIÓN

Artigo 57.- O diplomado en traballo social/asistente social participa no desenvolvemento social cooperando na prevención das dificultades sociais e na mellora da calidade de vida.

Artigo 58.- O diplomado en traballo social/asistente social debe contribuír ao aumento de oportunidades de progreso para todos, en especial para os grupos e persoas con menos posibilidades.

Artigo 59.- O diplomado en traballo social/asistente social debe promover e apoiar o desenvolvemento de normas e políticas que melloren as condicións sociais e propugnen a xustiza social.

Artigo 60.- O diplomado en traballo social/asistente social debe denunciar as causas sociais que xeran situacións de desigualdade social, marxinação e exclusión social.

Artigo 61.- O diplomado en traballo social/asistente social, ante campañas informativas ou similares no ámbito da acción social, debe velar pola salvagarda da veracidade dos contidos e o respecto ás persoas ou grupos implicados.

Artigo 62.- O diplomado en traballo social/asistente social debe axudar a crear nos cidadáns e nos poderes públicos conciencia social sobre a natureza dos problemas individuais, grupais e comunitarios, así como das necesidades sociais.

CAPÍTULO X

OBRIGAS DO DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL/ASISTENTE SOCIAL EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

O diplomado en traballo social/asistente social, con respecto á organización colexial, está obrigado a:

Artigo 63.- Coñecer e cumprir as normas establecidas nos Estatutos Xerais dos Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, os do seu propio Colexio e os do Consello Xeral, naquelas materias que lle afecten, así como calquera outra norma estatutaria, acordo ou resolución que se adopte pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, polo Consello Xeral de Colexios Oficiais e, no seu caso, polo Consello de Colexios da respectiva Comunidade Autónoma.

Artigo 64.- Respetar aos órganos de goberno e aos membros que os integren na actuación derivada dos seus cargos e atender os requirimento, notificacións e citacións dos mesmos, cando actúen investidos de tal calidade, coa maior dilixencia.

Artigo 65.- Contribuír ás cargas colexiais; estar ao corrente no pago das cotas, ordinarias e extraordinarias, na forma e tempo sinalados nos estatutos.

Artigo 66.- Notificar ante o Colexio Oficial todo acto de intrusismo do que se teña coñecemento, así como os casos de exercicio irregular da profesión por parte de diplomados en Traballo social/asistentes sociais.

Igualmente serán obxecto de denuncia aqueles casos de exercicio da profesión por colexiados suspendidos ou inhabilitados.

Artigo 67.- Participar na vida colexial, colaborando cos seus órganos de goberno, contribuíndo ao funcionamento, desenvolvemento e extensión do Colexio Oficial ao que pertencen.

Artigo 68.- O diplomado en traballo social/asistente social, poderá colexiarse unha vez obtida a titulación ou diplomatura. Sendo de obrigado cumprimento, unha vez que inicie a súa actividade profesional, independentemente da forma contractual ou do exercicio en réxime de libre competencia.

Artigo 69.- As normas contidas no presente Código, son de aplicación estatal, tendo carácter vinculante para todos os diplomados en Traballo social/asistentes sociais que exercen a profesión de Traballo social nos distintos ámbitos profesionais e baixo calquera modalidade contractual.

Os Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais poderán estipular e aprobar cantas normas deontolóxicas adicionais ao presente Código consideren, no marco competencial e territorial que lles corresponda legalmente e sempre que a lexislación autonómica lles asigne tal facultade.

As normas dictadas no exercicio de dicha potestade, serán complementarias e congruentes coas establecidas no presente Código.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- O incumprimento das presentes normas deontolóxicas será obxecto de sanción, conforme ao réxime disciplinario establecido nos Estatutos Xerais dos Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.

Segunda.- Os órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, defenderán e apoiarán aos traballadores sociais que se encontren con dificultades derivadas da aplicación deste Código Deontolóxico.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- Este Código Deontolóxico entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral do Consello Xeral de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.

Segunda.- O presente Código poderá ser derogado ou modificado pola Asemblea Xeral do Consello Xeral de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, requiríndose para isto o cumprimento do quórum de constitución para que haxa unha toma válida de

acordos contidos no Art. 7, apartados 1º, 2º, 4º e 6º dos Estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.